Wikipedia

Lingua italiana

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **italiano**[1] ou **lingua italiana** é unha lingua pertencente ao grupo das linguas romances, da familia das linguas indoeuropeas. Existe un gran número de dialectos neorromances. O italiano é a lingua oficial de Italia, de San Marino, de Suíza e da Cidade do Vaticano. Tamén se fala a distintos niveis en Somalia, Libia, Mónaco, Malta, a illa de Córsega e Albania.[2]

Italiano *Italiano*	
Pronuncia:	[it̪aˈljaːno]
Falado en:	Italia, Suíza, Malta, Arxentina, Uruguai, Somalia, Brasil, Libia, Etiopía, e outros países e rexións.
Rexións:	Europa occidental
Total de falantes:	70 millóns
Posición:	23
Familia:	Indoeuropeo Itálico Románico Romanico oriental Italo-románico **Italiano**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Italia, Suíza, San Marino, Vaticano, Eslovenia, Croacia (rexión da istria), Unión Europea
Regulado por:	Accademia della Crusca
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	it
ISO 639-2:	ita
SIL:	ITN

Índice


Historia

O italiano moderno é un dialecto que conseguiu imporse como lingua propia dunha rexión moito máis vasta cá súa rexión dialectal. Trátase do dialecto toscano de Florencia, Pisa e Siena, que se impuxo non por razóns políticas, económicas ou militares como adoita ocorrer, senón debido ao prestixio cultural que levaba consigo ao ser o idioma no que se escribiu a *Divina Comedia*, que se considera a primeira obra literaria escrita na "lingua moderna". O toscano é en efecto a lingua na que escribiron Dante Alighieri, Francesco Petrarca e Giovanni Boccaccio, considerados os tres grandes escritores do Prerrenacemento italiano.

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/italiano) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/italiano) para *italiano*.
2. Berloco 2018

Véxase tamén



Bibliografía

- Canepari, Luciano (1992). *Il MªPi – Manuale di pronuncia italiana* [*Handbook of Italian Pronunciation*] *(en Italian)*. Bologna: Zanichelli. ISBN 978-88-08-24624-0.
- Berloco, Fabrizio (2018). *The Big Book of Italian Verbs: 900 Fully Conjugated Verbs in All Tenses. With IPA Transcription, 2nd Edition*. Lengu. ISBN 978-8894034813.
- Bertinetto, Pier Marco; Loporcaro, Michele (2005). "The sound pattern of Standard Italian, as compared with the varieties spoken in Florence, Milan and Rome" (PDF). *Journal of the International Phonetic Association* **35** (2): 131–151. doi:10.1017/S0025100305002148.
- Borrelli, Doris (2002). *Raddoppiamento Sintattico in Italian: A Synchronic and Diachronic Cross-Dialectical Study*. Outstanding dissertations in linguistics **0**. New York: Psychology Press. ISBN 978-0415942072.



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua italiana***

Ligazóns externas

- Dicionario italiano-galego, 6 MB en formato pdf (http://www.cirp.es/pub/docs/varios/dicItaGal.pdf)

Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_italiana&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_italiana&oldid=5282290"

A última edición desta páxina foi o 23 de outubro de 2019 ás 18:51.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.